





3. O descubrimento dun novo mundo: As carabelas e galeóns das viaxes a América.




4. A conquista e explotación de América: a organización colonial.




5. As rotas comerciais dos europeos na segunda metade do sec. XVI



5. O imperio da monarquía hispánica durante o séc. XVI: territorios e conflitos:






e irlandesas (só regresaron co e 10.000 homes).
 tamente os seus inimigos descalificárona como a
da invencible. Como represalia, os ingleses enviaron
 unha armada capitaneada por Drake en 1589 que
 ou a cidade da Coruña, Lisboa e as Azores.
 riormente, o enfrontamento continuou co envío de
 entes armadas coa misión de atacar os portos e as
 inimigas.

A derrota da gran Armada


21 de agosto. Escribín á VM despois de entrar no canal,
 que foi o pasado día 30. Despois non puiden facelo, por
 non ter posibilidade, porque logo que se descubriu a
 armada da raíña de Inglaterra, foinos perseguindo (...) e a
 nosa armada quedou tan destrozada e desbaratada que
 pensei que o mellor servizo que podía facer á VM era sal-
 vala, aínda que fose aveturándoa tanto como se fai nesta
 viaxe, por ser tan longa e de tanta altura; pois, faltando a
 munición e os mellores barcos, e vendo o pouco que se
 podía fiar dos que quedaban, e ser tan superior a armada
 da raíña no modo de pelexar –por ser a súa forza de arti-
 llaría e os barcos tan grandes navíos de vela– e a da SM só
 tiña vantaxe en arcabuzaría e mosquetaría. Pero se non
 se chegaba ás mans [combate corpo a corpo], isto valía
 para moi pouco, como vén de demostrar a experiencia.

Duque de MEDINASIDONIA. Carta a Filipe II. 21-8-1588 [cast.]



7. A complexa administración e gobernanza do primeiro imperio global:

17. Organización polisindial dos Austrias



38. A paz e as súas consecuencias

Inglaterra e Holanda gañaron coas paces tanto como nós perdemos (...). Do que nós vestimos é de manufacturas de Inglaterra, de Holanda e doutras partes estranxeiras e por iso nos sacan o ouro e a prata e nos fan ociosos. En España son máis de cinco partes de seis os inútiles ao comercio e sustento da vida humana; en Inglaterra e Holanda non veñen sendo un de cen os ociosos e esta é a causa porque crecen tanto en riqueza, poder e aumento de xente cando nós minguamos (...). Cada ano saen de España máis de doce millóns de ducados de prata e ouro, e sendo dez os que entran, vaíse consumindo tan sensiblemente o caudal que para vivir vén sendo forzoso facer moeda falsa [moeda de vellón] e darlle o valor que non ten (...). Hoxe guerrear non se reduce á utilización da forza, senón a diminuír ou aumentar amigos e comercio, e nisto é no que os vos gobernos deben poñer toda a súa atención (...). A tregua acábbase con Holanda e non parece que estea resolto o que temos que facer, e o que vexo é o coidado con que os holandeses se preveñen por mar e terra, e como ensancharon o seu comercio coa paz, e o mesmo fixeron os mercadores e o estado común de Inglaterra, que é grandísimo o tesouro e riquezas que teñen (...). Esta Monarquía vaíse acabando (...) debido a dous grandes inimigos que ten a VM, como son: un, todos os príncipes do mundo, e o outro, todos os ministros e criados que servimos á VM.

Diego SARMIENTO, Conde Gondomar. **Carta a Filipe III.** 28-3-1619.

Os estranxeiros e os recursos de Castela

Dunha arroba de la que aos estranxeiros lles custa 15 reais fan tapizaría e outros panos, e cousas labradas fóra de España, que volven despois a ela por valor de máis de 15 ducados. E outro tanto sucede coa seda crúa en madeixa, que cos 2 ducados que lles custa a libra fan lazos en Florencia, teas en Milán, veludos en Xénova (...) e sacan máis de 20 ducados. E co ferro e o aceiro que lles custa 1 ducado, fan freos, teazas, martelos (...) e sacan máis de 20 ducados e, ás veces, máis de 100 (...). E a situación é tan desastrosa (...) que todo é prexuízo non só da nosa honra, pois trátanos peor que aos bárbaros, senón tamén das nosas facendas, pois con estas industrias levan o noso diñeiro (...). E o remedio para isto é impedir que non saian do reino mercadorías sen labrar nin entren nel mercadorías labradas.

Luís ORTIZ. **Memorial a Filipe II.** 1558 [cast.]